

COMO FUNCIONA A ASOCIACIÓN?

Na A. C. Xacarandaina ofrecemos distintas actividades dende o 1 de Outubro ata o 30 de Xuño cunha duración de 1h, 1:30 h. ou 2 h. semanais, adaptadas a distintos niveis e idades, dende os 3 anos en adiante

Ademáis, organízanse ao longo do curso distintas actividades puntuais como obradoiros, visitas culturais para pequen@s e maiores, comisións de traballo para a organización de eventos (concursos, festivais, actuacións, festas de Nadal ou Entroido...) nas que @s soci@s obteñen descontos ou desfrutan de balde.

COMO PODO PERTENCER Á ASOCIACIÓN?

Para facerte soci@ deberás cubrir a folla de inscrición e adxuntar dúas fotos carné e o teu IBAN bancario.

A cota de socio é de 22€ anuais que se pagará no primeiro recibo emitido. Mensualmente pagárase as cotas das actividades ás que asistas.

A cota de soci@, se o desexas, pode fraccionarse en dous pagos de 11€ (en setembro e febreiro).

CANDO ME PODO INSCRIBIR?

@s soci@s poderán matricularse nas actividades a partir da primeira semana de setembro, de luns a venres de 11:00h a 13:00h e de 18:00h a 21:00h.

Para @s nov@s soci@s a inscrición estará aberta a partir da segunda semana de setembro, de luns a venres de 11:00h a 13:00h e de 18:00h a 21:00h.

Durante o resto do curso poderás inscribirte no horario habitual da Asociación, de luns a venres de 09:00h a 14:00h e de 16:30 a 22:30h; e os sábados de 10:00h a 14:00h.

QUE VANTAXES TEÑO COMO SOCI@?

Obterás descontos se asistes a máis de 1 actividade, tendo 1€ de desconto en cada unha delas.

Se vides en familia a varias actividades (pais/nais; fillos/as e irmáns), obteredes tamén un desconto de 1€ en cada actividade á que asistades, sempre que o pago sexa dende o mesmo número de conta.

Na cota anual de socios, tamén as familias agrupadas no mesmo número de conta reciben este desconto cada un/unha.

Terás prioridade como soci@ á hora de anotarse, a primeira semana de inscrición é exclusiva para vós.

CANDO PAGO AS MIÑAS COTAS?

O abono das cotas pasarase anualmente no mes de setembro, agás @s nov@s soci@s que o farán xunto coa primeira mensuralidade das actividades. O recibo de actividades domiciliarase no teu banco na primeira semana de cada mes.

COMO ME PODO DAR DE BAIXA DUNHA ACTIVIDADE? E DE SOCI@?

O proceso é o mesmo, deberás cubrir un formulario dispoñible no local social ou solicitalo por mail. No caso das actividades, terás que dar aviso antes do día 20 de cada mes para que non se xenere o seguinte recibo. Para a baixa de soci@, terás que avisar antes do 20 de agosto e entregar o teu carné.

